



Grupo Provincial **Popular**

Plácido Álvarez Dobaño na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e ao Regulamento da Corporación, presenta MOCIÓN DE REIVINDICACIÓN INSTITUCIONAL DO “DÍA DE GALICIA MÁRTIR” (17 de agosto para o seu debate en Pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeira vez que os dereitos e liberdades do pobo galego foron recoñecidos xurídica e politicamente foi no marco constitucional da II^a República española e coa abrumadora maioría social que permitiu plebiscitar o primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia o 28 de xuño de 1936.

Poucas semanas máis tarde produciuse unha sublevación dunha parte das forzas armadas instigada e apoiada por sectores reaccionarios e organizacións paramilitares, contra o Estado de derecho constitucional da II^a República e do seu lexítimo goberno, saído das eleccións celebradas en febreiro do mesmo ano.

Sabido é que en Galicia non houbo fronte de guerra. Nos primeiros momentos da sublevación impúxose, pola força das armas, o chamado, “Movimiento Nacional”. Parellamente deu comezo, por parte das forzas represoras (militares, Garda Civil, falanxe...), unha brutal represión na que foron asasinados milleiros de cidadáns só por seren fieis ao Goberno da República. Así, moitos foron tirados dos cárceres e *paseados* sen xuízo previo, e outros executados cumprindo sentenzas sumarísimas de tribunais, títeres das forzas sublevadas. Outros, coñecidos popularmente como *fuxidos/as*, pasaron á resistencia armada na guerrilla antifranquista e foron perseguidos/as durante décadas ata súa completa liquidación. Moitos más ainda padecerón o exilio, e desde fóra de Galicia e de España seguirón a loitar polo restablecemento das liberdades individuais e colectivas e pola restitución da democracia e da Autonomía.



Grupo Provincial Popular

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, artista plástico, escritor e político, foi a figura emblemática dos galegos e galegas que seguiron a loitar. O xenial rianxeiro inmortalizou simbolicamente no seu álbum *"Galicia Mártir"* a todas as vítimas da represión. A más representativa delas, tal vez, sexa a lámina titulada *"A derradeira leición do mestre"*, na que dous nenos choran ao seu escolante asasinado nunha cuneta. Castelao ponlle ao mestre o rostro de Bóveda, amigo que consideraba como un irmán pequeno, correligionario seu no Partido Galeguista, vítima dun proceso aldraxante en Pontevedra e fusilado na Caeira o 17 de agosto de 1936. A Bóveda dedícalle tamén Castelao o seu *"Sempre en Galiza"*, impreso pola editorial *"As Burgas"*, ao coidado de Rodolfo Prada, outro insigne Galeguista de Bos Aires, que lle entregou o devandito volume a Castelao no Centro Ourensano en 1944, acto presidido polo busto de Alexandre Bóveda Iglesias.

Castelao fixolle así unha xusta e sentida homenaxe a un home cristián e crente, que á hora de tomar unha decisión entre os seus ideais, aplicados á realidade social e política da época, mimeticamente aos esquemas ideolóxicos, sociais e políticos da época, pola lealdade ao seu país, optou por manterse fiel ao insobornable compromiso político coa súa terra.

Xa en Bos Aires, no ano 1942, e concretamente no Centro Ourensano, os dirixentes Rodolfo Prada e Castelao, xunto co resto de membros da Irmandade Galega, institúen a data do 17 de agosto como *"Día dos Mártires Galegos"*. Para a primeira celebración da data, escóllese pois a figura de Alexandre Bóveda encargándolle un busto del ao escultor galego Domingo Maza. Mais é de novo Rodolfo Prada quen, cunha visión acertada, lle propón a Castelao reproducir nun lenzo de grande tamaño a xa icónica *"A Derradeira leición do mestre"*, para que presida xunto ao busto as celebracións do *"Día dos Mártires Galegos"*. Feito que se produce para a homenaxe do 17 de agosto de 1945, de novo no Centro Ourensano. Feito histórico que facemos noso e plural no contexto actual, e do que non existen motivos para non honralo institucionalmente.

Os méritos de tal homenaxe non se debe cinguir ao momento das mortes, senón tamén incidir no exemplar das súas vidas como valor extrapolable á sociedade actual, tomando como exemplo a de Alexandre Bóveda.



Grupo Provincial **Popular**

É así foi polo que se debate e aproba, en pleno, a Corporación provincial de Ourense que “A derradeira leición do mestre” fose exposta ao público no edificio desta Deputación, na Sala de Recepções e Protocolo (Antiga Biblioteca) xunto aos restos de Rodolfo Prada e da súa dona, Manuela Fraga. O pasado 7 de marzo de 2019 abriuse a devandita mostra coa intervención, entre outras, de Amalia Bóveda Álvarez, filla de Alexandre, un intre cheo de emoción e sentimento galeguista. Nese acto o presidente do Goberno provincial de Ourense, Manuel Baltar, comprometeuse a debater e aprobar en pleno esta iniciativa de reivindicación institucional do “Día da Galicia Mártir”.

Alexandre Bóveda, xunto a Lois Tobío, Carvallo Calero e Vicente Martínez-Risco, foi un dos vertebradores do Anteproxecto de Estatuto que elaborara o Seminario de Estudos Galegos; defendendo na decisiva Asemblea de Concellos celebrada en Compostela do 17 ao 19 de decembro de 1932, e asumindo a responsabilidade e a tarefa histórica de impulsar o laborioso proceso de aprobación do propio texto estatutario, culminado finalmente co apoio cidadán maioritario no referendo do 28 de xuño de 1936.

Tras a sedición militar de xullo de 1936, Bóveda foi xulgado no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Pontevedra e, acusado de traizón, foi condenado a morte; cumpríndose a sentenza co seu fusilamento na mañá do 17 de agosto de 1936 na Caeira (Poio). Esta condena a morte e o posterior asasinato de Alexandre Bóveda constitúen unhainxustiza histórica que debe ser reparada mediante a recuperación e a rehabilitación institucional da súa figura, así como a divulgación do seu inxente traballo a favor da causa da liberdade, da democracia, do autogoberno e progreso de Galicia.

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense en 2001 nomeou ao ourensán Alexandre Bóveda, funcionario e economista e fundador do Partido Galeguista, Fillo Predilecto da Provincia de Ourense polo seu compromiso coas ideas de progreso e de modernización de Galicia, un pobo cunha identidade propia e cunha cultura e lingua de seu.

Co gallo do 79 cabodano de Alexandre Bóveda, o 17 de agosto de 2015, o Goberno provincial de Ourense fixo público un comunicado cuxo contido era o seguinte:



Grupo Provincial **Popular**

“Cúmprense hoxe 79 anos do día no que o intelectual e político Alexandre Bóveda, nacido en Ourense o 7 de xullo de 1903, fose asasinado sen ter cometido máis delito que amar incondicionalmente a Galicia.

A vida de Bóveda foi un claro exemplo de compromiso pola defensa do autogoberno de Galicia, participando na elaboración do proxecto do Estatuto de Autonomía durante a Segunda República, plebiscitado o 28 de xuño de 1936, pero que non chegou entrar en vigor por mor do estourido da Guerra Civil.

Foi Bóveda tamén unha persoa comprometida cos avances político, económico e social de Galicia e por iso foi un piar básico para a fundación do Partido Galeguista e a creación das Caixas de Aforros galegas.

Do mesmo xeito que fixera Alexandre Bóveda no seu tempo, as institucións teñen a obriga de respectar e poñer en valor o patrimonio cultural e identitario do pobo ao que representan, por iso a Deputación de Ourense nomeou no ano 2001 a Alexandre Bóveda Fillo Predilecto da Provincia. Un nomeamento que recoñece o compromiso deste ilustre ourensán, a quen consideramos como mártir.

Dende a Deputación de Ourense queremos aproveitar esta significada data para lembrar o moito e bo traballo que por Galicia e Ourense fixo Alexandre Bóveda, un dos mellores bos e xenerosos aos que nunca debemos esquecer, do mesmo xeito que el non esqueceu o valor do propio e a defensa do noso pobo, a nosa lingua e, en definitiva, a nosa identidade”.

Con esta petición, demandamos do Parlamento de Galicia que honre a todas as persoas mártires da liberdade na Historia do pobo galego, institucionalizando como *Día da Galiza Mártir* o 17 de agosto, cabodano da morte de quen Castelao converteu en símbolo, cidadán galego Alexandre Bóveda Iglesias, e mais a rehabilitación pública e política do propio Bóveda e de todos/as os/as mártires da liberdade, que Bóveda que representa na memoria histórica e democrática do noso pobo.

Engadimos tamén que España foi un dos primeiros estados europeos en ratificar os principais tratados internacionais de Nacións Unidas no tocante á protección das vítimas de desaparicións forzadas; tendo ratificado a Convención Internacional para a Protección de Todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas, asumindo os dereitos e obrigas que este instrumento internacional establece, e en todo caso, considerando que a desaparición forzada



Grupo Provincial **Popular**

é unha verdadeira aldraxe á dignidade humana e que constitúe un problema global que afecta a diversas rexións en todo o mundo.

Constitúe así, unha absoluta prioridade para o Goberno de España a promoción e o respecto dos dereitos humanos e a loita pola erradicación de toda violación destes, asumindo a Declaración sobre a Protección de Todas as Pessoas contra as Desaparicións Forzadas e o compromiso de traballar en todos os ámbitos da prevención e a loita contra as devanditas desaparicións forzadas, de xeito que todas as persoas poidan exercer plenamente todos os dereitos e liberdades que lles son inherentes no marco dunha sociedade respectuosa coa primacía do derecho, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

O Parlamento de Galicia é a Cámara de representación de todos os galegos e galegas e, daquela, demandamos que recoñeza a Bóveda e a todos/as os/as mártires galegos, como unha institución que represente verdadeiramente ao noso pobo, na referencia aos valores humanos e democráticos que fican mentados, dando cumprimento expreso á Proposición non de Lei n.º 07/PNP-0165 (9078), aprobada no Pleno da Cámara na súa sesión do 26 de decembro de 2006, sen votos en contra en ningún dos cinco puntos da súa parte resolutiva; publicada no BOPG n.º 301, do 03.03.2007.

En virtude do exposto, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense ACORDA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA

1.- A declarar e instituír como “Día da Galicia Mártir” o día 17 de agosto de cada ano, con carácter de celebración na Comunidade Autónoma de Galicia, en memoria e homenaxe de todos/as os/as ciudadáns e ciudadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galicia, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.



Grupo Provincial **Popular**

2.- A dar cumprimento expreso da Proposición non de Lei nº 07/PNP-0165 (9078), aprobada no Pleno do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 26 de decembro de 2006; publicada no BOPG nº 301, do 03.03.2007.

3.- A promover institucionalmente a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación pública e política.

Ourense, 13 de marzo de 2019

Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-